

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 2 de xuño de 2022, realizou entre outras, as seguintes actuacións:**

**2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

**d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación informa que dos licitadores presentados, D. MANUEL ROSARIO GONZÁLEZ presentou a proposición fóra de prazo (o 26 de maio de 2022 ás 00:09 horas).

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descrición pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Non admitir a D. MANUEL ROSARIO GONZÁLEZ dos lotes 1, 2, 3 e 4 deste procedemento por ter presentado a súa proposición fóra do prazo de presentación que remataba o 25 de maio de 2022 ás 23:59 horas, incumprindo o disposto na cláusula 15.1 do PCAP ("A documentación presentárase dentro do prazo fixado no anuncio da licitación").
- b) Admitir neste procedemento ao D<sup>a</sup>. BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (lotes 1, 2, 3 e 4) por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- c) Outorgar un prazo de tres días a D<sup>a</sup>. M. DESIRÉ PEREIRA MOREIRA (lotes 1 e 2) para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá presentar o Documento Europeo Único de Contratación (DEUC), debidamente cumprimentado e asinado, esixido nas cláusulas 8.4 e 14.1 do prego.

**6.- Apertura económica**

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101)**

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2d conceder un prazo a unha das licitadores para a emenda da documentación persoal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2022 13:19	Páxina 1 de 2
18923-101	CSV: AHABA7-E6DE5E-D74AE1-GCPSLL-6NF5UM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares ("As notificacións practícaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinale algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante"), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

O prazo para presentar a devandita documentación remata o día 6 de xuño de 2022.

O enderezo web do Rexistro da sede electrónica do concello de Vigo onde poderán presentar a documentación solicitada é:

versión galego:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

versión castellano:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=cas>

Na documentación presentada a través do rexistro electrónico, os documentos que a acompañen terán que ser asinados mediante sinatura dixital.

O que comunicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido integro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consulta-lo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2022 13:19	Páxina 2 de 2
18923-101	CSV: AHABA7-E6DE5E-D74AE1-GCPSLL-6NF5UM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		